



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 20".

I.- ANTECEDENTES:

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 23.03.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209 no Concello de Vigo", a prol da empresa Soltec Ingenieros.

II.- A devandita empresa presenta proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 07.01.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 21 e 24 de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.01.2022 aprobou o proxecto de obras de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €), de data xullo de 2021 e sinatura dixital de data 22.12.21. (Expte. 5135-443).

II.- ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS:

Proxecto de obra a incluír no expediente:

"IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €), de data xullo de 2021 e sinatura dixital de data 22.12.21. (Expte. 5135-443).

Para a execución do obxecto do contrato, e de acordo co informe xustificativo da necesidade e idoneidade deste expediente, asinado pola Técnica de Xestión, polo



Expediente: 1184/441

Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 08.03.2022, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento e Servizos de data 09.03.2022, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía de data 18.06.2019, dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben o presente informe, considerase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

1.- OBXECTO DO CONTRATO

A execución do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €), de data xullo de 2021 e sinatura dixital de data 22.12.21. (Expte. 5135-443).

As obras proxectadas comprenden a humanización e a mellora da accesibilidade no tramo que comunica a Travesía de Vigo, a altura do número 160 coa rúa Aragón a altura do número 209, dentro do Plan de Actuación VIGO VERTICAL, mediante a implantación dun ascensor que salvará o desnivel existente entre ambas rúas. O tramo de actuación é unha rúa sen saída con unha lonxitude de aproximadamente 80 m, con unha sección máxima de 6 m e unha pendente lonxitudinal suave de oeste a leste. Dispón dunhas escaleiras que salvan un desnivel de 9.58 m ata a plataforma superior conectada coa rúa Aragón.

As obras encádranse dentro da serie de actuacións de acondicionamento, rehabilitación, mellora e humanización da infraestrutura viaria que está a acometer o Concello de Vigo.

A actuación se desenrola nun espazo público que une a Travesía de Vigo n.º 160, coa rúa Aragón n.º 209 e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Inicialmente proxéctase a retirada do mobiliario existente, e a continuación efectuase a demolición da beirarrúa existente, así como o fresado do pavimento de aglomerado así como a demolición do pavimento de formigón, e parcialmente o muro e as escaleiras existentes.
- Una vez efectuada as demolicións procederase a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 100 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe, arquetas e elementos electrónico de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no



Expediente: 1184/441

proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coa redes existentes. A continuación procederase a o recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%, para efectuar a canalización de redes soterrados de alumeados públicos, nesta fase de nova instalación de redes tratarase de non afectar as outras redes soterradas existentes (electricidade, gas, telefonía,...etc.)

- Paralelamente o soterramento de redes efectuarase a escavación necesaria para a formación zapatas de formigón armado na parte do muro de contención e base de foso de ascensor, unha vez efectuadas as cimentacións correspondentes se executará o muro de formigón armado que resolve o empuxe do terreo circundante, co correspondente armado e tipoloxía de formigón proposto, una vez finalizado dito muro de contención executarase a correspondente estrutura con perfilaría de aceiro laminada en quente, S275, roblonada nos seus nós, e con protección a intemperie tipo C5-H, que conforma a caixa ou oco do elevador proposto, así como a correspondente zona de recheo e lousa de formigón armado para resolver o acceso entre os desniveis existentes.
- Unha vez finalizada a fase estrutural instalárase o correspondente elevador con todos os seus accesorios de control e seguridade, e instalacións necesarias e auxiliares que garanten o seu funcionamento, así como a súa dotación de instalación para salvar un desnivel de 9,58 mts., aproximadamente, definido tecnicamente no proxecto, para una capacidade de 13 persoas, e pechado lateralmente a base de vidro laminar, sobre carpintería, anclada a estrutura de perfilaría metálica.
- Una vez rematada a fase de estrutura propónse pavimentar a base de subbase de zorra con soleira de formigón en masa, na zona de acceso inferior na zona de escaleiras e plataforma superior acabado a base de lousas de formigón, en zonas de accesos adaptados loseta direccional, e de protección.
- Se prevé tamén a instalación de alumeados, mobiliario, e acabados decorativos tanto en nivel horizontal como vertical.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como **contrato de obras**, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).



Expediente: 1184/441

A tenor do establecido no artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

Constitúen en todo caso motivos válidos de xustificación que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada. A zona de actuación se encontra sita na zona centro urbano da cidade de Vigo, nun ámbito densamente poboado, en particular, localizándose as actuacións a executar nunha rúa sen saída, nun tramo de aproximadamente 80 metros de lonxitude, onde o acceso rodado é exclusivamente para o acceso aos garaxes dos residentes, comprendendo as obras a executar a instalación dun ascensor e adecuación das escaleiras para salvar o desnivel existente de 9,58 metros de altura, ademais de renovación de servizos, pavimentos e beirarrúas, mobiliario urbano, xardinería e iluminación; traballos todos eles que necesitan unha coordinación por ter un carácter secuencial e de solape de actuacións tanto en planta como en alzado.

Todo o anterior da lugar a que a realización por lotes das diferentes prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo, por falta de operatividade na coordinación dos tráfico peonís e rodados, con actuacións segregadas que é necesario encauzar conxuntamente, dada a proximidade das diferentes actuacións, e prolongaría no tempo as molestias aos usuarios da vía, polo cal considerase que as mesmas sexan unificadas nun único contrato.

2.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, xustificándose no valor estimado do contrato e na necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento.

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

O prazo máximo de execución do contrato é de 7 meses.

A previsión do prazo de inicio das actuacións establececese en Xullo de 2022.

4.- SOLVENCIA

O artigo 25 e 26 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas establecen os grupos e subgrupos de clasificación dos contratistas de obra e as categorías de clasificación segundo os importes e a duración estimada dos contratos de obras.

Por outra banda, o artigo 36 do citado Regulamento dispón que cando as obras presenten singularidades non normais ou xenerais ás da súa clase e si, en cambio, asimilables a tipos de obras correspondentes a outros subgrupos diferentes do principal, a esixencia de clasificación estenderase tamén a estes subgrupos coas limitacións seguintes:

- a) O nº de subgrupos esixibles, salvo casos excepcionais, non poderá ser superior a catro.
- b) O importe da obra parcial que pola súa singularidade dea lugar á esixencia de clasificación no subgrupo correspondente deberá ser superior ao 20 por 100 do prezo total do contrato, salvo casos excepcionais.

En canto a Categoría, de acordo co art. 26 do citado Regulamento, modificado polo RD 773/2015 de 28 de agosto, e considerando que o prazo de execución estimado para a completa execución das obras é de 7 meses, resulta de aplicación a referencia do valor estimado do contrato.

Polo que de acordo co apartado 1.12 da memoria do proxecto de obras aprobado pola XGL, e considerando o valor estimado, correspóndelle a seguinte clasificación como contratista de obras nos seguinte grupo e subgrupo:

- Grupo C, subgrupo 2, categoría 3

5- MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

5.1.- Aspectos a modificar:



Expediente: 1184/441

As unidades de obra relacionadas con traballos previos, pavimentación, saneamento e pluviais, abastecemento, instalación de alumado público, mobiliario urbano, estrutura metálica, cerramento acristalado, ascensor, sistema de vídeovixiancia, muros de contención, estruturas de formigón, sinalización, aplacado, ocultación de teito e acondicionamento de muros, seguridade e saúde e xestión de residuos .

5.2.- Circunstancias que determinan a modificación:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

5.3.- Limites da modificación:

A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

6.- RECEPCIÓN PARCIAL

Non procede.

7.-SEGURO

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

8.- PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

Para o proxecto de contratación das obras contempladas neste expediente de contratación, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas incluído no proxecto de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209", polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda

9.- DECLARACIÓN DACI

Os técnicos que subscriben declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de



Expediente: 1184/441

Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos remitir a presente memoria para a contratación das obras do proxecto de **“IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209”** ao Servizo de Contratación, para a súa tramitación conforme ao Prego Tipo de de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola XGL en data 17.12.2020, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnico de Xestión.-Ruth Gallego Santos.

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal.- Jerónimo Centrón Castaños.

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra.

Conforme- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.